

13/03/2026

Inicio campaña do control biolóxico da avespiña do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*). Mostraxes de brotación



Imaxe de *Torymus sinensis* (izquierda) e *Dryocosmus kuriphilus* (dereita)

O programa de acción da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, para a loita biolóxica contra *Dryocosmus kuriphilus*, conta con dúas liñas principais de actuación:

1. Soltas do parasitoide *Torymus sinensis*: Dende comezos do mes de marzo realízanse revisións do estado de brotación dos castiñeiros e da existencia de bugallas verdes. Con estas revisións preténdese detectar o momento e os lugares nos que é preciso realizar as soltas do parasitoide.



As soltas débense realizar cando as bugallas aínda están frescas para que as femias de *T. sinensis* poidan depositar os ovos no interior das mesmas.

As soltas adoitan realizarse dende mediados do mes de marzo ata a primeira quincena de xuño.

2. Estudo do grao de parasitación: Esta comprobación realízase recollendo bugallas, tanto de xema como de folla, que son enviadas ó laboratorio, onde comprobamos, mediante a súa apertura, a presenza do parasito. Esta recollida realízase nos meses de outono.



O control do *Dryocosmus kuriphilus*, baséase na loita biolóxica por medio do seu inimigo natural e específico, o *Torymus sinensis*. A solta do parasitoide é o único método eficaz de loita fronte a esta praga.

A partir do ano 2020, a comercialización do *Torymus* está liberalizada. Na páxina web do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación atópanse as empresas autorizadas para a súa produción e comercialización:


<https://servicio.mapa.gob.es/omdfwebwai/>

MOSTRAXE DE BROTACIÓN.

Na primeira quincena de marzo deuse comezo as mostraxes do estado de brotación das masas de castiñeiro. Realizáronse diferentes transectos asociados as inspeccións das parcelas da rede de avisos fitosanitarios.

Os resultados obtidos foron os seguintes:

Nos puntos de cor gris do presente plano, preséntanse os castiñeiros non brotados e nos puntos verdes a presenza de castiñeiros comenzando a brotar pero sen novas bugallas incipientes. Co presente aviso recórdase ós silvicultores estar atentos para a toma das medidas oportunas.



RECOMENDACIÓNS E MEDIDAS CULTURAIS.

- Eliminación de competencia, podas e a aplicación de rega a abonado.
- Regas durante o verán para prolongar o período de crecemento dos gromos, de xeito que as xemas dos novos gromos queden fora do período no que a avespa fai as postas.
- Podas en verde para tentar prolongar este período e reducir o nivel de danos, as feridas de poda cicatrizan máis rápido o que diminúe o risco por infección de cancro.

- Nas plantacións novas recoméndase a eliminación das bugallas para mellorar o vigor das árbores.
- Nas plantacións situadas en zonas de liberación do *T. sinensis*, sen embargo, non se recomenda a eliminación destas bugallas posto que nelas permanece o parasitoide ata a súa emerxencia na seguinte primavera.
- Os *Torymus* aliméntanse de néctar, polo que é importante deixar zonas con matogueiras, para que as súas flores dean alimento ós parasitos.